

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I17E	CON/72/2017	09-07-18 09:28

Número 16 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de reparación da calzada Espírito Santo".

Destinatario

15078DCMG12I17E-



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de xullo de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 16 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE REPARACIÓN DA CALZADA ESPÍRITO SANTO".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 17 de abril de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/395 de data 4.7.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de reparación da calzada Espírito Santo", consonte aos termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12/17E	<i>Expediente</i> CON/72/2017	<i>Fecha</i> 09-07-18 09:28

Primeiro: Con data 27 de marzo de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CYS HISPANIA SL.

Segundo: Con data 17 de abril seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES PEREZ ABILLEIRA SL, CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL e EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CYS HISPANIA SL (CIF: B74282781), por un importe de **39.500 euros** (IVE aparte 21%: 8.295 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15320 61900 2017 4 VIASP 88 3."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES PEREZ ABILLEIRA SL, CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL e EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL, por non

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12117E	<i>Expediente</i> CON/72/2017	<i>Fecha</i> 09-07-18 09:28

xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de "Obras de reparación da calzada Espírito Santo" a favor da empresa CYS HISPANIA SL (CIF: B74282781), por un importe de **39.500 euros**, (IVE aparte 21%: 8.295 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15320 61900 2017 4 VIASP 88 3.

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández